

| Documento | Expediente | Fecha |
|-----------|-------------|----------------|
| CONUI0BZ | CON/37/2010 | 25-03-10 11:26 |

Asunto

Implantación de servizos de administración electrónica na carpeta cidadá e oficinas de atención do Concello de Santiago, incluída no FES 2010 - Prego Prescripciones Técnicas

PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA A TRAVÉS DA CARPETA CIDADÁ E OFICINAS DE ATENCIÓN DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

1. OBXECTO

O obxecto do presente prego de prescricións técnicas é o establecemento dos requisitos funcionais e técnicos aos que deberán axustar as súas proposicións as empresas interesadas en concorrer á licitación para a implantación de servizos de administración electrónica na carpeta cidadá do portal web e oficinas de atención do Concello de Santiago de compostela.

O obxecto do contrato inclúe os seguintes apartados:

- Apartado A. Implantación de servizos de administración electrónica a través da carpeta cidadá do portal municipal.
- Apartado B. Implantación dun sistema de compulsa automatizada e electrónica.
- Apartado C. Equipamento informático para a oficina de Atención ao Contribuínte
- Apartado D. Implantación do sistema de notificación SICER de xestión de notificación a través de Correos no sistema de xestión tributaria e recadatoria.

En todo caso, os distintos apartados forman parte dunha solución integral de administración electrónica.

2. OBXECTIVOS E ALCANCE

O proxecto inclúe o deseño, desenvolvemento, instalación e posta en marcha dos módulos software e do equipamento que permita a prestación dos servizos que se indican máis adiante neste prego, sobre a base da plataforma de publicación de servizos xa existente.

Formarán tamén parte do alcance do proxecto os labores de asistencia, formación e documentación técnica e de usuario, que permitan a posta en funcionamento e mantemento de xeito óptimo.

En todo caso, os traballos do adxudicatario incluírán todas as tarefas necesarias para acadar o obxecto do contrato e, en particular:

- Consultaría.
- Deseño gráfico.
- Análise e integración das aplicacións actuais
- Análise da programación xeral e desenvolvemento das ferramentas infotecnolóxicas necesarias.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

- Definición da arquitectura de contidos.
- Recompilación e tratamento da información e documentación.
- Implantación de hardware e software necesarios
- Integración co equipamento e software informático existente
- Probas de funcionamento, rendemento e integración.
- Formación e asesoramento de usuarios.

A solución debe quedar completamente operativa e disponible para entrar en fase de explotación en todas as súas facetas.

Ao remate da formación, o persoal que o Concello designe deberá ser capaz de realizar o mantemento e explotación sen dependencia do adxudicatario, polo que deberá subministrar canta documentación, información e formación sexa necesaria para acadar este obxectivo.

3. DESCRICIÓN FUNCIONAL E TÉCNICA

APARTADO A. IMPLANTACIÓN DE SERVICIOS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA A TRAVÉS DA CARPETA CIDADÁ DO PORTAL MUNICIPAL

A.1. OBXECTO DO APARTADO.

O obxecto do apartado é a implantación de varios servizos de administración electrónica na carpeta cidadá do portal web do Concello de Santiago de Compostela.

A.2. ANTECEDENTES

O portal do Concello de Santiago, desde a súa publicación no ano 2004, foi un proxecto vivo e en constante evolución, que veu adaptándose ás necesidades e incorporando novos servizos desde os distintos apartados e a carpeta cidadá.

Dende o ano 2005 o portal municipal conta cun apartado denominado carpeta cidadá, que permite aos usuarios interactuar co Concello facendo uso dos servizos de administración electrónica que se foron engadindo paulatinamente.

Para a súa posta en marcha desenvolveuse unha plataforma propia que permite a publicación estandarizada de servizos, o acceso seguro ás bases de datos municipais, e a xestión das solicitudes dos cidadáns mediante a intranet municipal por parte do persoal do Concello.

Este proxecto pretende seguir incrementando o número de servizos interactivos ofrecidos a través da carpeta cidadá, nun intento de avanzar cara unha administración electrónica efectiva.

A.3. SERVICIOS A PUBLICAR NA CARPETA CIDADÁ

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

Os servizos que se pretende pór en marcha a través da actual carpeta cidadá son os seguintes:

- a) [S1] Acceso a información sobre asentos no rexistro xeral por parte dos usuarios que teñan a condición de interesado.
- b) [S2] Sistema de validación de documentos oficiais do Concello. Este sistema permitirá identificar cada documento cun código único, de tal xeito que mediante a introdución do devandito código no portal web se poderá obter unha copia do documento. Calquera persoa en posesión dunha copia en papel, poderá contrastala coa existente nas bases de datos municipais. Este punto complementarase co apartado B mediante a securización dos documentos.
- c) [S3] Sistema de inscrición no módulo de notificacións. Este sistema permitirá aos usuarios da carpeta cidadá seleccionar entre múltiples tipo de eventos ou áreas de interese, aquelas sobre as que desexe recibir información vía correo electrónico e/ou sms.
- d) [S4] Sistema de xestión centralizada de envíos masivos de avisos por correo electrónico ou sms. Este sistema permitirá dun xeito centralizado, organizado e sinxelo, que os distintos departamentos realicen envíos putuais ou masivos de avisos por calquera das canles indicadas.
- e) [S5] Sistema de intercambio de datos para a liquidación do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), mediante o desenvolvemento do convenio entre a Federación Española de Municipios y Provincias e o Consejo General del Notariado para o intercambio de información por medios telemáticos.
- f) [S6] Adaptacións que poidan ser necesarias na carpeta cidadá e portal municipal para unha mellor utilización do sistema de notificación SICER de Correos para envíos o remesas previsto máis adiante neste prego.
- g) [S7] Autoliquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras, e outros tipos de autoliquidación a través da carpeta cidadá, completando os que xa están neste momento operativos ou en fase de desenvolvemento.
- h) [S8] Xeración de certificados. Mediante este servizo, o cidadán poderá descargar diversos tipos de certificado a través da carpeta cidadá. O proxecto inclúe, mediante o sistema que se describe máis adiante, a posibilidade de descarga e e impresión de certificados e informes en papel cunha marca de validación de sinatura.

A.4. FORMATO DE PUBLICACIÓN DA INFORMACIÓN

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

Toda a información será publicada mediante formatos estándar que permitan o acceso polo maior número posible de usuarios, para o que se evitará o uso de solucións propietarias ou incompatibles cos navegadores máis coñecidos.

Os ficheiros de texto para descarga terán formato WORD, PDF ou similar.

Os ficheiros cartográficos que poidan ser descargados terán formatos estándar como DXF, DGN, etc.

Toda a información publicada terá un formato e disposición que permita a súa impresión de xeito cómodo e accesible sobre os formatos e tamaños de papel máis habituais.

A.5. TECNOLOXÍA E CONTORNO DE PROGRAMACIÓN

Todas as tarefas desenvoltas basearanse no uso de linguaxes e contornos de programación estándar. En todo caso, farase uso e con total integración no contorno actual, que inclúe:

- Xestor de contidos.
- Plataforma de carpeta cidadá.
- Plataforma de Intranet municipal.

A información gráfica e alfanumérica será almacenada en formatos estándar. Para o intercambio de información utilizaranse estándares baseados no uso de XML.

A aplicación informática obxecto de contrato deberá ser técnicaamente compatible e integrada coa carpeta cidadá actualmente en funcionamento e co xestor de contidos do portal web. Así mesmo, a integración incluírá os aspectos visuais e de utilización.

O contorno de desenvolvemento será, en todo caso:

- Xestor de base de datos Oracle e MySQL:
- Programación en linguaxe PHP usando servizos SOAP e AJAX
- Sistema operativo Linux

No posible optarase por solución de software libre e formatos abertos.

Estase a utilizar a metodoloxía Scrum para o ciclo de vida das aplicacións informáticas.

APARTADO B. IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE COMPULSA AUTOMÁTIZADA E ELECTRÓNICA.

B.1. OBXECTO.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

O obxecto deste apartado é a implantación dun sistema de securización da documentación emitida e a posterior validación tanto en autenticidade como integridade.

Neste apartado inclúense dúas funcionalidades distintas que deben ser soportadas polo sistema implantado:

- Securización dos documentos en formato electrónico, mediante a utilización dun sistema de compulsa electrónica.
- Securización dos documentos en formato papel (entendendo como tal, un sistema de securización que poida ser aplicado a documentos en formato papel ou a documentos en formato electrónico (pdf, word, etc.) nos que o sistema de securización se manteña no momento de realizar unha copia impresa).
- Securización dun documento mediante as dúas solucións, de tal xeito que poida ser verificado a través de certificado electrónico ou mediante análise da versión en formato papel.

B.2. OBXECTIVO E ALCANCE

Este sistema de securización deberá poder ser utilizado para todos os proxectos e servizos internos e externos que o Concello considere oportunos.

En todo caso, forma parte do proxecto a súa implantación e posta en funcionamento para os seguintes casos e funcionalidades:

- Implantación dun sistema de compulsa electrónica nos departamentos de Xunta de Goberno, Contratación, Servizo de Atención ao Cidadán, e Servizo de Atención ao Contribuínte, de tal xeito que posteriormente será posible a súa extensión a outras unidades administrativas. Neste apartado, o proxecto inclúe o hardware e software de sistemas necesario para a posta en marcha da solución de compulsa e emisión de informes no departamento da Oficina de Atención ao Contribuínte, quedando fóra do alcance do proxecto o equipamento das restantes unidades.
- Sistema de securización dos certificados e informes para os que estea prevista a súa emisión a través da carpeta cidadá, tal e como está previsto no apartado A deste proxecto.
- Implantación do sistema de securización para a utilización polo personal que o Concello determine para a súa utilización tanto na xeración de documentos internos como para publicación na Intranet municipal ou no portal web.

O adxudicatario levará a cabo todas as tarefas de instalación, configuración e posta en marcha, aportando ademais:

- manual de usuario e técnico para a implantación e mantemento
- formación ao usuario e a un técnico do Concello para a súa explotación.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

A tecnoloxía de compulsa electrónica deberá cumprir con todos os estándares e a lexislación ao respecto para a implantación deste tipo de solucións e o desenvolvemento da Administración Electrónica.

A tecnoloxía de compulsa ou securización en formato papel poderá ser propietaria, sempre que se acredite a suficiente calidade e nivel de seguridade. O sistema deberá ademais:

- ser capaz de securizar documentos en papel ou en electrónicos en varios formatos (en todo caso, en formato pdf).
- ser capaz de detectar e sinalar calquera modificación sobre o documento orixinal, tanto se se trata de texto, imaxes, tablas ou calquera outro elemento. O sistema contará ademais coa posibilidade de marcar as zonas modificadas sen amosar o contido concreto, co obxectivo de manter a privacidade.
- Permitir a incorporación de información (texto ou gráficos) antes da securización, co fin de poder engadir, por exemplo, o código de documento, unha anotación ou data de emisión, ou unha ou varias sinaturas dixitalizadas.
- Permitir a definición do formato de identificador único de documento que o Concello determinte.
- Contar cun sistema de seguridade e control de acceso que permita garantir a identidade do usuario que realiza a securización do documento.
- Aínda que non se contempla neste proxecto, deberá existir a posibilidade de utilizar o devandito sistema de securización directamente desde as aplicacións desenvoltas ou adquiridas polo Concello, sen necesidade de clientes específicos.

B.3. TECNOLOXÍA E CONTRONO DE PROGRAMACIÓN.

O sistema debe soportar, instalarse e integrarse no sistema informático municipal. A este respecto, ademais de todo o comentado neste neste prego, o Concello ven utilizando o xestor de bases de datos Oracle. O Contorno tecnolóxico é Microsoft, optando principalmente pola publicación de aplicacións a través de Metaframe (Citrix). Para todo o relacionado coa publicación no portal municipal, as características técnicas son as especificadas no apartado A.

APARTADO C. EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA A OFICINA DE ATENCIÓN AO CONTRIBUÍNTE.

Para a utilización dos servizos incluídos neste proxecto, e en particular a emisión de informes e certificados vía web e a compulsa automatizada, é necesaria a previa dotación de equipamento para o departamento de Atención ao Contribuínte, que forma parte polo tanto do alcance do proxecto.

O equipamento debe ser instalado e configurado de tal xeito que quede completamente integrado no sistema informático municipal e como soporte para a utilización dos servizos incluídos neste proxecto.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

En particular, debe permitirse a dixitalización de documentos de entrada no Concello ou emitidos por este, e a realización da correspondente compulsa.

O equipamento debe garantir a suficiente axilidade no proceso de dixitalización e compulsa ou securización, tanto no caso de traballar con múltiples documentos de reducido tamaño, como no caso de traballar con documentos de grande volume, e dando servizo a varios postos de traballo en contornos nos que a atención ao usuario é primordial.

Máis detalladamente, o equipamento consiste en:

Sistema de escaneado, impresión e fotocopia (1 unidade)

- Posibilidade de impresión, copia, escaneado e fax
- Memoria 768 MB + disco duro 40 GB
- 3 bandexas papel
- Conectividade en rede Ethernet 10/100, USB
- Protocolos rede TCP/IP, IPX/SPX, AppleTalk
- Tamaños papel B6 – A3
- Velocidade copia 50 cpm
- Resolución copia 600 ppp
- Velocidade impresión 50 ppm
- Resolución impresión 600x600 ppp
- Velocidade escaneo B/N 61 orixinais por minuto
- Velocidade escaneo cor 31 orixinais por minuto
- Resolución máixma escaneo 600 ppp
- Formatos orixinais escaneo A5-A3
- Velociade fax 33,6 kbps
- Resolución fax 400x400 ppp
- Velocidade escaneo 56 cpm

Inclúe a instalación en rede co obxectivo de utilizala desde os distintos postos de traballo do departamento e desde as aplicacións de xestión publicadas a través do servidor de terminais.

Licenza de software Citrix XenApp 5 (1 unidade)

Entrega da licenza de software así como os traballos de instalación e configuración para a substitución da versión actual (o Concello está a utilizar actualmente Metaframe para a publicación de aplicacións de xestión). Un dos obxectivos desta actualización é a solución dos problemas detectados na versión actual na utilización de dispositivos de impresión e escaneado.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

APARTADO D. IMPLANTACIÓN DO SISTEMA DE NOTIFICACIÓN SICER DE XESTIÓN DE NOTIFICACIÓN A TRAVÉS DE CORREOS NO SISTEMA DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA.

D.1. OBXECTO.

O obxecto deste apartado é dotar ao actual sistema informático de xestión utilizado polo Servizo de Xestión, Recadación e Inspección do Concello de Santiago de Compostela da posibilidade de xestionar as notificacións a través do servizo SICER para envíos e remesas ofrecido por Correos.

Con este fin, é necesario configurar as ferramentas informáticas actuais para poder tramitar as distintas fases da notificación mediante este sistema.

D.2. OBXECTIVO E ALCANCE.

Inclúe a configuración da devandita aplicación informática, así como todas as tarefas necesarias para a posta en funcionamento desta utilidade.

D.3. TECNOLOXÍA E CONTORNO DE PROGRAMACIÓN.

O sistema debe funcionar sobre o contorno informático en produción actualmente, tanto no referente ás aplicacións de xestión existentes, como aos xestores de base de datos e a plataforma tecnolóxica.

A este respecto, a solución implantada actualmente é un sistema cliente-servidor executado sobre sistemas Microsoft e accedido desde os postos de traballo a través dun sistema de terminais virtuais Metaframe de Citrix. As aplicacións de xestión traballan contra un servidor de base de datos Oracle.

4. MATERIAL E DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR E FORMATO

A documentación entregárase no formato electrónico que o Concello determine e, no seu caso, será posible a importación directa en paquetes ofimáticos ou de tratamento cartográfico estándar co fin de que poidan recibir un tratamento informático posterior.

Isto será especialmente de aplicación no caso de que a devandita información inclúa datos estruturados en rexistros ou fichas, sobre os que será posible en calquera caso extraer de xeito automático a información de cada campo.

5. LUGAR DE TRABALLO

Dada a necesidade de interacción do equipo de traballo co persoal do Concello, tanto de Informática como dos departamentos que prestarán os servizos de administración electrónica, considérase importante que o equipo de traballo estea próximo xeográficamente.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

Por este motivo, o adjudicatario porá a disposición do seu equipo de traballo os postos de traballo e medios que sexan necesarios, para o que deberá contar con oficinas localizadas no municipio. Os postos de traballo cumprirán os requisitos mínimos de ergonomía e habitabilidade para o normal desenvolvemento das súas funcións.

En todo caso, o equipo de traballo terá completa dispoñibilidade e se desplazará aos locais do Concello para realizar todas aquelas tarefas que o propio Concello determine, co fin de garantir uns niveis de operatividade e calidade óptimos.

6. EQUIPO DE TRABAJO

CARACTERÍSTICAS DO EQUIPO DE TRABAJO

As ofertas incluirán información sobre o equipo de traballo destinado ao desenvolvemento do proxecto, indicando en cada caso:

- Datos identificativos
- Características técnicas
- Responsabilidade no proxecto
- Porcentaxe de dedicación ao proxecto

En todo caso, co fin de garantir unha calidade técnica mínima e o cumprimento dos prazos de execución, que impiden a existencia dun período de formación, o equipo de traballo incluirá cando menos unha persoa dedicada a tempo completo con perfil analista-programador e coas seguintes características:

- Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión ou Sistemas, ou Enxeñeiro en Informática.
- Experiencia en programación en PHP4/PHP5, SQL e Javascript (mínimo 2 anos).
- Experiencia na utilización da metodoloxía Scrum para xestión de proxectos (mínimo 2 anos)
- Experiencia en sistemas SOAP cliente-servidor (2 anos)
- Experiencia en programación AJAX (2 anos)
- Experiencia en programación Perl, Python, Unix Shell Scripting (2 anos)
- Experiencia no desenvolvemento en contornos web (2 anos)
- Coñecementos no sistema operativo Linux
- Coñecementos e rexistro, instalación e tratamento de certificados SSL.
- Coñecementos en optimización SEO e técnicas de posicionamento en buscadores.
- Coñecementos en implantación de sistemas de identificación e acceso con DNle e certificados dixitais.
- Coñecementos en desenvolvemento de aplicacións web con APIs de Google: Google Maps, Google Chart e Google Earth.
- Planificación de proxectos con UML.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

- Valoraranse coñecementos e experiencia para o traballo no desenvolvementos en aplicacións de e-administración e integración de solucións como pasarelas de pago.
- Dedicación ao proxecto de xeito exclusivo e con dispoñibilidade total, alomenos durante o horario laboral do Concello de Santiago de Compostela.

O equipo de traballo contará ademais con todo o persoal necesario e capacitado especificamente para a implantación das solucións software e hardware que formen parte do proxecto. O persoal terá a dispoñibilidade necesaria para a execución das súas correspondentes tarefas, adaptándose á xornada laboral do Concello.

Calquera modificación do equipo de traballo con respecto ao presentado na oferta deberá ser aprobado expresamente polo Concello. Isto será así tanto na fase previas ao inicio do proxecto como durante a súa execución, e incluso no caso de que o perfil sexa igual ou superior ao da persoa substituída.

En todo caso, o adxudicatario comprométese a manter un equipo de traballo constante durante toda a execución do proxecto, de tal xeito que as únicas modificación que se produzan serán debidas a causas de forza maior.

ACEPTACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO

O Concello de Santiago de Compostela contará con un prazo de un mes desde o inicio do proxecto para avaliar a validez profesional do equipo de traballo, podendo durante ese prazo rexeitar a calquera membro no caso de que non cumpra uns criterios mínimos que permitan garantir a solidez do proxecto. O adxudicatario deberá, se é o caso, proceder á súa substitución de xeito inmediato por outra persoa de idéntico perfil.

Pasado ese prazo, calquera outra substitución deberá ser acordada pola Comisión de seguimento, en base a desvíos nos obxectivos do proxecto imputables a calquera dos membros do equipo.

No suposto de substitución, será responsabilidade do adxudicatario a transferencia de coñecementos, realizando, de ser posible, un período de solapamento entre ambos profesionais.

7. CALIDADE DO PRODUTO

DESEÑO E DOCUMENTACIÓN DO PRODUCTO

A aplicación contará cun deseño e implementación que cumpran uns estándares mínimos de calidade e baseado nunha metodoloxía de traballo que permita acadar un produto facilmente mantible e actualizable. O Concello está a traballar coa metodoloxía Scrum.

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

Unha vez entregado o produto obxecto de contrato, o persoal de Informática do Concello de Santiago de Compostela deberá estar en disposición de levar a cabo ese mantemento e actualización de xeito autónomo.

Así mesmo, a documentación permitirá a reusabilidade dos distintos compoñentes do software desenvolto, co fin de que poidan ser utilizados en posteriores proxectos.

CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN RELACIONADA

A aplicación deberá cumprir coa lexislación e normas de aplicación, e en especial:

- Lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal
- Lei de Servizos da Sociedade da Información e o Comercio Electrónico
- Lexislación relacionada coa Administración Electrónica e a prestación de servizos públicos a través desta canle.
- Estándares de accesibilidade conforme aos criterios WAI nivel AA como mínimo.
- Calquera outra norma establecida polo Concello.

8. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

As ofertas estarán estruturadas conforme os distintos apartados do prego e máis concretamente dos criterios de adxudicación.

Ademais, incluirán un índice que permita acceder directamente aos puntos da oferta nos que se definen as características correspondentes a cada apartado.

As ofertas incluirán toda a información requirida neste prego. Neste aspecto, considerarase como información de obrigada inclusión aquela necesaria para a correcta avaliación dos *criterios de adxudicación*. Ademais, especificarán con claridade qué elementos forman parte da oferta e o alcance e nivel de detalle acadado en cada caso.

Utilizaranse os impresos que se achegan, se é o caso, podendo utilizar outros equivalentes sempre que a información contida sexa a mesma que se solicita nos propostos e igualmente accesible e identificable.

Os licitantes poderán aportar calquera información adicional que consideren oportuna, pero de tal xeito que sexa en todo momento posible o acceso directo á información que o apartado criterios de adxudicación indican.

9. CONDICIÓNS XERAIS

A elección e adxudicación por parte do Concello do servizo obxecto do contrato, non suporá en ningún caso, que se acepte absolutamente na súa totalidade a solución proposta, podendo, se así ou

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

considera oportuno, por si mesma ou na persoa na que delegue, introducir modificacións que non supoñan alteración ao orzamento adxudicado.

Esta facultade estenderase no só ou proxecto, senón que terá vigor ao longo da execución de todos os traballos e dentro do marco de control e seguimento exercido polo Concello.

10. PROPIEDAD INTELECTUAL

Todos os ficheiros que se poñan a disposición do personal da empresa ou empresas adxudicatarias, para a execución dos servizos contratados, son propiedade en exclusividade do Concello de Santiago de Compostela.

En consecuencia, non poderán ser reproducidos total ou parcialmente, sen a previa e expresa autorización do Concello.

O adxudicatario é responsable da cobertura legal do material que aporte para o desenvolvemento do obxecto do contrato.

O adxudicatario asume que o Concello de Santiago de Compostela é propietario en exclusividade dos produtos resultantes da execución do contrato.

En particular, o software desenvolto para o portal e especificamente para o proxecto será de propiedade intelectual do Concelo e polo tanto deberá entregarse o código fonte, así como os documentos de especificación de requirimentos, análise e deseño.

11. SECRETO PROFESIONAL E CONFIDENCIALIDADE

O adxudicatario oblígase a realizar o seus traballos baixo a cláusula de secreto profesional e en consecuencia a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan emitidos polo adxudicatario serán considerados como estrictamente confidenciais.

En consideración ao tipo de información procesada, o adjudicatario está obrigado a manter a máis absoluta confidencialidade de todos aqueles datos e documentos entregados polo Concello e/ou que se atopen nas súas instalacións. A estes terán acceso, exclusivamente, aquelas persoas estrictamente imprescindibles para o desenvolvemento das tarefas inherentes a este contrato. Todas elas serán advertidas do carácter confidencial e reservado de la información.

O tratamento de datos de carácter persoal por parte do adxudicatario requirirá a comunicación previa ao Concello e a súa aceptación expresa co fin de que este poida exercer as súas responsabilidades como responsable do ficheiro.

En caso de ser necesaria para a prestación do servizo a utilización de datos de carácter persoal, estarase ao disposto na lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal, e ao

| | | |
|--|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA | | |
| <i>Documento</i> CONUI0BZ | <i>Expediente</i> CON/37/2010 | <i>Fecha</i> 25-03-10 11:26 |

Regulamento municipal de seguridade para a protección de datos de carácter persoal, procedendo con carácter previo a toda cesión ou tratamento a realizar todas as actuacións destinadas a dar a correspondente cobertura legal.

12. MODIFICACIÓNS

O adxudicatario non poderá introducir ou executar modificación algunha na realización dos traballos sen a debida aprobación por parte do Concello. Poderanse establecer acordos na modificación do servizo sempre que non se incumpra o obxectivo final do proxecto e non supoña unha variación económica.

13. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía establécese en 1 ANO a partir da sinatura da acta de recepción. Dentro deste prazo o adxudicatario prestará sen custo para o Concello o mantemento “in situ” do material obxecto do contrato no mesmo día ou ao seguinte día laborable ao da notificación da incidencia.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2010.

O xefe de Informática

Asdo.: Jesús Rodríguez Castro